

CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE INDUSTRIA
Y TURISMO


SECRETARÍA DE ESTADO
DE TURISMO



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA




O Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) centro histórico de Ferrol e Patrimonio Militar da Costa Ártabra pretende recuperar e poñer en valor o patrimonio histórico e cultural propio da cidade de Ferrol e do litoral ártabro, aproveitándoo como reclamo de turismo sostible na comarca.

O presente Plan busca servir de instrumento para dotar dunha visión global, de conxunto a estas instalacións e poder desenvolver un proxecto en colaboración coas tres administracións locais.

A información comprendida neste documento refírese á memoria presentada á Convocatoria extraordinaria de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos para entidades locais do ano 2023 e poderá ser obxecto de cambio durante a execución do PSTD.

DEMARCAÇÃO TERRITORIAL



PSTD CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

4 EIXES PRIORITARIOS

TRANSICIÓN VERDE E
SOSTIBLE

MELLORA DA EFICIENCIA
ENERXÉTICA

TRANSICIÓN DIXITAL

COMPETITIVIDADE

14 ACTUACIÓNS



EIXE 1: TRANSICIÓN VERDE E SOSTIBLE

- 1.1 Recuperación do observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso e sistema de alertas
- 1.2 Creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol e en vías de acceso ao patrimonio militar, con especial atención ás baterías militares da zona de Ferrolterra
- 4.5 Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: II Fase do proxecto de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol

E1.A1.1 RECUPERACIÓN DO OBSERVATORIO METEOROLÓXICO DE MONTE VENTOSO E SISTEMA DE ALERTAS DE TEMPORAIS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Con esta actuación procederase á posta de novo en funcionamento do antigo observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso.

Ao recuperar o antigo edificio do observatorio poderase proceder á instalación nel dunha nova base meteorolóxica, que sirva para a recollida de datos climatolóxicos da zona. Estes datos servirán para establecer un sistema de alerta temperá na páxina web das Baterías de Ferrolterra, servindo como sistema de prevención e xestión de riscos relacionados co clima, especialmente cos temporais marítimos.

Deste xeito, non só os turistas poderán planificar o mellor momento para a visita ás baterías costeiras ou para a realización doutras actividades ao aire libre preto do litoral, evitando así posibles riscos, senón que toda a poboación local da comarca poderá beneficiarse da recuperación do antigo observatorio meteorolóxico.

E1.A1.1 RECUPERACIÓN DO OBSERVATORIO METEOROLÓXICO DE MONTE VENTOSO E SISTEMA DE ALERTAS DE TEMPORAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Recuperar o antigo observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso.
- Implantación dun sistema de alerta temperá.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

44. 000 €



E1.A1.2 CREACIÓN DE APARCAMENTOS DISUASORIOS NO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E EN VÍAS DE ACCESO AO PATRIMONIO MILITAR CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS MILITARES DA ZONA DE FERROLTERRA

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Establecer aparcadoiros disuasorios que eviten o acceso con vehículos privados ata as propias infraestruturas das baterías e do centro histórico de Ferrol. Para iso, crearase dous aparcadoiros disuasorios: un no Grupo de Baterías de Campelo (Valdoviño) e un segundo aparcadoiro no centro histórico de Ferrol, co que se contribuirá á redución do ruído e da contaminación, así como do tráfico rodado existente.

E1.A1.2 CREACIÓN DE APARCAMENTOS DISUASORIOS NO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E EN VÍAS DE ACCESO AO PATRIMONIO MILITAR CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS MILITARES DA ZONA DE FERROLTERRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellora en materia de mobilidade e accesos ás baterías e ao casco histórico de Ferrol.
- Adaptación das infraestruturas para garantir a accesibilidade física.
- Reordenación dos fluxos de circulación.
- Minimización do impacto do turismo nos espazos naturais.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

207. 009,07 €



E4.A4.5 ACTUACIÓNS DE MELLORA DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL: II FASE DO PROXECTO DE REXENERACIÓN E MELLORA DE ZONAS VERDES E PARQUES PÚBLICOS DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Con esta actuación procederáse á realización dunha serie de intervencións para a rexeneración e mellora do xardín situado na Praza de Ferrándiz, no tradicional barrio de Esteiro do Concello de Ferrol, que constitúe a zona verde non urbanizada máis extensa do núcleo urbano de Ferrol e é zona de paso do Camiño Inglés.

Dotarase ademais de mobiliario urbano e equipamento de parque infantil, parque biosaudable e a dunha serie de prazas de aparcamento que contribuirá a ordenar o tráfico.

E4.A4.5 ACTUACIÓN DE MELLORA DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL: II FASE DO PROXECTO DE REXENERACIÓN E MELLORA DE ZONAS VERDES E PARQUES PÚBLICOS DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Recuperar esa zona verde para o uso e goce da poboación local e visitante.
- Rexeneración do espazo.
- Humanizar o espazo.
- Recuperación do espazo como zona de paso do Camiño Inglés.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

606.000 €





EIXE 2: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

- 2.1 Adecuación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente para viandantes e ciclistas
- 2.2 Creación e sinalización de camiños ciclables nas baterías militares de Ferrolterra
- 2.3 Mellora de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, contorna e infraestruturas do patrimonio militar

E2.A2.1 ADECUACIÓN DO FIRME DE ACCESO ÁS BATERÍAS MILITARES CON ZONAS PREFERENTE PARA VIANDANTES E CICLISTAS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

A adecuación dos firmes de acceso ás baterías militares de Ferrolterra é unha mellora que se levará a cabo en dous dos grupos de baterías a intervenir: o Grupo de Baterías de Montefaro (Ares) e o Grupo de Baterías de Campelo (Valdoviño).

Con esta actuación preténdese adecuar o firme dos tramos preexistentes de acceso ás baterías e establecer unha zona preferente para peóns e ciclistas.

O pavimento proposto adaptarase ás necesidades específicas de cada camiño para evitar a súa degradación e a perda de material pola escorrentía da auga da chuvia.

En toda a intervención evitárase o uso de maquinaria pesada e os movementos de terra, e limitarase a construción de elementos para non alterar o contorno.

Ademais, o modelo de adecuación ten en conta a xestión dos residuos, que se realizará de maneira sostible. Tamén se valorará a proximidade dos cursos fluviais, co obxectivo de non alterar ningún dos elementos do medio natural.

E2.A2.1 ADECUACIÓN DO FIRME DE ACCESO ÁS BATERÍAS MILITARES CON ZONAS PREFERENTE PARA VIANDANTES E CICLISTAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Contribuír á adecuación dos firmes de acceso ás baterías militares.
- Xestionar os residuos de maneira sostible, favorecendo a economía circular.
- Evitar, na medida do posible, a alteración do contorno.
- Instaurar un sistema de cuantificación de visitantes e de seguimento do grao de satisfacción.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

320. 000 €



E2.A2.2 CREACIÓN E SINALIZACIÓN DE CAMIÑOS CICLABLES NAS BATERÍAS MILITARES DE FERROLTERRA

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Levarase a cabo a creación de novas sendas e rutas ciclables no contorno das baterías.

Por unha banda, realizaranse intervencións no Grupo de Baterías de Campelo (Valdoviño), arranxando camiños preexistentes para convertelos en sendeiros e vías ciclables sinalizadas que conecten as diferentes infraestruturas de Campelo Baixo e Campelo Alto.

En Ferrol, crearase un aparcadoiro para bicicletas xunto ao miradoiro con vistas á batería militar de Doniños, así como a súa correspondente sinalización. As actuacións consistirán na mellora do acceso ao miradoiro e ás baterías, dotando á zona —que xa conta cun carril bici— de infraestruturas adaptadas ás bicicletas.

Ademais, sinalizaranse os diferentes itinerarios establecidos, asociándoos ao patrimonio cultural e natural do contorno das baterías.

E2.A2.2 CREACIÓN E SINALIZACIÓN DE CAMIÑOS CICLABLES NAS BATERÍAS MILITARES DE FERROLTERRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Adaptación do firme de sendeiros e camiños ciclables no contorno das baterías.
- Favorecer o turismo activo e sostible asociado ao patrimonio cultural das baterías militares.
- Promover a mobilidade sostible.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

120.000,00 €



E2.A2.3 MELLORA DE ILUMINACIÓN EFICIENTE NO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E NOS ACCESOS, ENTORNO E INFRAESTRUTURAS DO PATRIMONIO MILITAR

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Nesta actuación procederase á instalación de puntos de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e no entorno das baterías.

A instalación adaptarseá ás necesidades específicas de cada espazo e ao uso turístico que se lle dará, sendo ao mesmo tempo eficaces enerxeticamente. Para iso, a eficiencia enerxética do sistema de iluminación non deberá superar un valor límite e deberá contar tamén cun sistema de control que permita axustar o acendido á ocupación real da zona, así como un sistema de regulación que optimice o aproveitamento da luz natural.

Teranse en conta os regulamentos de eficiencia enerxética nas instalacións de alumado interior e exterior, dependendo da localización de cada punto de luz.

E2.A2.3 MELLORA DE ILUMINACIÓN EFICIENTE NO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E NOS ACCESOS, ENTORNO E INFRAESTRUTURAS DO PATRIMONIO MILITAR

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Instalación de sistemas de iluminación eficiente.
- Instalación de sistemas de iluminación eficiente en zonas clave tanto do centro histórico como no entorno das baterías, como principais sendeiros ou exteriores de miradoiros.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

150.000 €

EIXE 3: TRANSICIÓN DIXITAL

- 3.1 Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ao patrimonio militar
- 3.2 Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra
- 3.3 Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías
- 3.4 Elaboración de materiais didácticos dixitais para a posta en valor do centro histórico de Ferrol e do patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías defensivas

E3.A3.1 ELABORACIÓN DUN MAPA VIRTUAL DOS RECURSOS PATRIMONIAIS DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL, CON ESPECIAL ATENCIÓN AO PATRIMONIO MILITAR

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Con esta acción preténdese elaborar un mapa virtual interactivo que inclúa os recursos turísticos asociados ás Baterías de Ferrolterra, tanto do patrimonio cultural e natural vinculado, como dos principais servizos e produtos turísticos ofertados nos concellos da comarca. O visitante poderá acceder ao mapa co seu dispositivo móbil a través dunha URL, xa sexa cun enlace nas páxinas web de turismo propias das Baterías de Ferrolterra como dos axentes locais implicados, ou cun código QR que estará dispoñible en distintos puntos das instalacións das Baterías de Ferrolterra.

Para a creación deste mapa, levarase a cabo unha recopilación de información e inventario de recursos, e elaborárase a cartografía online para darllo un deseño de fácil lectura. Este mapa actualizarase de maneira anual con novas incorporacións de empresas ou servizos turísticos e medirase o grao de alcance do mesmo a través do número de visitas para avaliar a súa efectividade.

E3.A3.1 ELABORACIÓN DUN MAPA VIRTUAL DOS RECURSOS PATRIMONIAIS DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL, CON ESPECIAL ATENCIÓN AO PATRIMONIO MILITAR

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Ofrecer unha ferramenta para o visitante na que se identifiquen os recursos e servizos turísticos do territorio.
- Contribuír ao coñecemento do patrimonio material e inmaterial das Baterías de Ferrolterra.
- Contribuír á desconcentración do turismo no destino.
- Mellorar o nivel de satisfacción do visitante co destino.
- Ofrecer alternativas turísticas ao visitante das Baterías de Ferrolterra.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

30. 612,40 €



E3.A3.2 DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DE FERRAMENTAS DIXITAIS PARA COÑECER O PATRIMONIO DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E DAS DEFENSAS MILITARES DA COSTA ÁRTABRA, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

A través do desenvolvemento de aplicacións de realidade aumentada e folleto dixitais para o móbil, poderase coñecer mellor o patrimonio histórico e cultural das Baterías de Ferrolterra.

Os folleto dixitais estarán dispoñibles tanto na páxina web do destino turístico como en paneis informativos in situ, de forma que os visitantes poderán acceder a eles estando no propio destino a través de códigos QR.

Por outra banda, a aplicación de realidade aumentada tamén permitirá visualizar puntos clave do centro histórico de Ferrol e das Baterías de Ferrolterra a través da web, pero será de especial interese para coñecer o pasado das instalacións militares durante a súa visita.

A aplicación de realidade aumentada será de fácil manexo para asegurar que todos os visitantes poidan gozar do seu uso de maneira sinxela e intuitiva.

E3.A3.2 DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DE FERRAMENTAS DIXITAIS PARA COÑECER O PATRIMONIO DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E DAS DEFENSAS MILITARES DA COSTA ÁRTABRA, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellorar a experiencia do visitante das Baterías de Ferrolterra.
- Contribuír á conservación do patrimonio histórico das baterías a través do seu coñecemento.
- Poñer en valor a historia das instalacións militares.
- Implicar aos axentes locais que mellor coñecen a historia do destino turístico.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

185. 000 €



E3.A3.3 DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUNHA PÁXINA WEB CON MAPA VIRTUAL DE RECURSOS TURÍSTICOS VINCULADOS AO PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Implementación dunha páxina web que facilite a calquera persoa interesada o acceso a información en liña sobre o destino turístico Baterías de Ferrolterra: mapas, servizos dispoñibles, información sobre os concellos, actividades programadas, recursos dixitais, enlaces de interese, etc. Gran parte dos contidos que estarán dispoñibles na web están relacionados con outras accións incluídas neste Plan, como o sistema meteorolóxico de alertas temperás, o banco de imaxes, o mapa virtual ou os folleto dixitais.

Ofreceráse un deseño de páxina web accesible e atractiva para o usuario. Desta forma, a través de contidos de calidade, con información tanto visual (imaxes, infografías, mapas, etc.) como en formato texto, calquera poderá coñecer a importancia sociocultural das Baterías de Ferrolterra, a súa memoria histórica, o seu entorno natural, patrimonio militar, así como outros recursos turísticos da comarca.

E3.A3.3 DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUNHA PÁXINA WEB CON MAPA VIRTUAL DE RECURSOS TURÍSTICOS VINCULADOS AO PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Incrementar a visibilidade do produto turístico, mellorando o seu posicionamento, promoción e comercialización.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN



ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

47.000 €



E3.A3.4 ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS DIXITAIS PARA A POSTA EN VALOR DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E DO PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS DEFENSIVAS

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Deseño e elaboración de materiais didácticos, guías de campo e ferramentas para centros educativos do territorio, que permitan mellorar o coñecemento entre o profesorado, alumnas e alumnos do patrimonio das Baterías de Ferrolterra, así como a sensibilización en materia de sostibilidade. Deste xeito, facilitarase aos centros educativos as ferramentas e recursos necesarios para contribuir a dar visibilidade a este tipo de patrimonio, facilitando así a implementación de unidades didácticas e/ou proxectos educativos de aprendizaxe que difundan e poñan en valor este recurso territorial. Do mesmo xeito, isto axudará a potenciar e facilitar accións de investigación por parte do alumnado e do profesorado, incrementando así o número de estudos e análises levados a cabo sobre as Baterías de Ferrolterra.

As unidades estarán compostas por contidos de aprendizaxe, que supoñerán un achegamento teórico de forma interactiva e atractiva, apoiados en esquemas, imaxes e material interactivo para axudar a comprender mellor os temas tratados.

E3.A3.4 ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS DIXITAIS PARA A POSTA EN VALOR DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E DO PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS BATERÍAS DEFENSIVAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Contribuír e facilitar o coñecemento das Baterías de Ferrolterra entre os centros educativos do territorio.
- Ofrecer contido e ferramentas didácticas para os centros educativos.
- Mellorar o nivel de coñecemento entre os máis novos do patrimonio material e inmaterial das Baterías de Ferrolterra.
- Potenciar accións de investigación por parte do alumnado e do profesorado.
- Diseñar programas de sensibilización, formación e información para os centros educativos do territorio.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

50.000 €





EIXE 4: COMPETITIVIDADE

- 4.1 Asistencia técnica para a xestión do Plan de Sostibilidade Turística en Destinos do centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra
- 4.2 Deseño gráfico e creación de imaxe de produto para o PSTD centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra
- 4.3 Creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional do centro histórico de Ferrol e do patrimonio militar da Costa Ártabra
- 4.4 Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán

E4.A4.1 ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Contratación de asistencia técnica para a dotación de persoal técnico para a execución do Plan, que como mínimo deberá proporcionar un equipo de traballo de dúas persoas: coordinadora de proxecto e técnica consultora.

Esta estrutura técnica encargarse de coordinar, dirixir, avaliar e dar seguimento a todas as actuacións contidas neste Plan, así como garantir o impulso e a implementación de outras actuacións relacionadas co destino turístico Baterías de Ferrolterra.

E4.A4.1 ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Adecuada xestión e execución do Plan.
- Fomentar a gobernanza multinivel, a coordinación e a participación social.
- Potenciar a colaboración público-privada e o traballo en rede, fomentando a dinamización e a innovación no territorio.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN



ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

85.901,53 €



E4.A4.2 DESEÑO GRÁFICO E CREACIÓN DE IMAXE DE PRODUTO PARA O PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Para poder consolidar o destino Baterías de Ferrolterra, é esencial contar cunha imaxe de marca que identifique o produto turístico e supoña unha seña de identidade que se empregará en todo o material turístico asociado que se xere e nas accións de promoción e comercialización do destino.

Realizarase un deseño de imagotipo que identifique as baterías militares e reflecta a súa importancia patrimonial, cultural e natural como destino de Turismo Azul. Ademais, realizaranse adaptacións da imaxe para a web, redes sociais e canais de difusión, reforzando as actuacións de divulgación do Plan.

E4.4.2 DESEÑO GRÁFICO E CREACIÓN DE IMAXE DE PRODUTO PARA O PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Xerar un imagotipo representativo das Baterías de Ferrolterra.
- Establecer unha imaxe de marca que recolla a importancia patrimonial, cultural e natural das Baterías de Ferrolterra.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN



ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

4.447 €



E4.A4.3 CREACIÓN DUN BANCO DE IMAXES E MATERIAL AUDIOVISUAL PROMOCIONAL DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Contratación de servizos de fotografía e vídeo para a creación dunha base de imaxes gráficas e material audiovisual profesional (producción de vídeos divulgativos), co obxectivo de dispor dos recursos adecuados para a implantación da estratexia de comunicación, promoción e comercialización.

E4.A4.3 CREACIÓN DUN BANCO DE IMAXES E MATERIAL AUDIOVISUAL PROMOCIONAL DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Dispor dos recursos audiovisuais necesarios para poder implantar unha estratexia de comunicación adecuada.
- Aumentar a visibilidade do produto turístico, mellorando o seu posicionamento, promoción e comercialización.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN



ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

25.000 €



E4.A4.4 ACTUACIÓNS DE MELLORA DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL: RECUPERACIÓN E LIMPEZA DO BALUARTE DE SAN XOÁN

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

Con esta actuación realizaranse labores de recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán, así como a súa posta en valor coa recuperación e conservación do Ben, que é Ben de Interese Cultural (BIC).

Con esta actuación preténdese realizar, entre outras, a limpeza de vexetación en muros, permitindo así a percepción completa do Baluarte. Do mesmo xeito, a limpeza de grafitis e pintadas, a retirada de elementos alleos, carteles, pegatinas e outra sucidade, reparación de gretas, etc.

E4.A4.4 ACTUACIÓNS DE MELLORA DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL: RECUPERACIÓN E LIMPEZA DO BALUARTE DE SAN XOÁN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Recuperación e conservación do Baluarte
- Limpeza do Baluarte
- Posta en valor do monumento declarado BIC

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

125. 000 €

CADRO RESUMO DAS ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS	ANUALIDADE 1	ANUALIDADE 2	ANUALIDADE 3	TOTAL
Recuperación do observatorio meteorolóxico de Monte Ventoso e sistema de alertas.		44.000,00 €		44.000,00 €
Creación de aparcamentos disuasorios no centro histórico de Ferrol e en vías de acceso ao patrimonio militar, con especial atención ás baterías militares da zona de Ferrolterra.		207.009,07 €		207.009,07 €
Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: II Fase do proxecto de rexeneración e mellora de zonas verdes e parques públicos do centro histórico de Ferrol.		606.000 €		606.000 €
TOTAL EIXE 1		857.009,07 €		857.009,07 €
Adecuación do firme de acceso ás baterías militares con zona preferente para viandantes e ciclistas.		320.000,00 €		320.000 €
Creación e sinalización de camiños ciclables nas Baterías militares de Ferrolterra.		120.000,00 €		120.000 €
Mellora de iluminación eficiente no centro histórico de Ferrol e nos accesos, contorna e infraestruturas do patrimonio militar.		150.000,00 €		150.000 €
TOTAL EIXE 2		590.000,00 €		590.000,00 €
Elaboración dun mapa virtual dos recursos patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ao patrimonio militar.	30.612,40 €			30.612,40 €
Desenvolvemento e implantación de ferramentas dixitais para coñecer o patrimonio do centro histórico de Ferrol e das defensas militares da Costa Ártabra.		185.000,00 €		185.000 €
Deseño e desenvolvemento dunha páxina web que contará cun mapa virtual de recursos turísticos vinculados ao patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías.	47.000,00 €			47.000,00 €
Elaboración de materiais didácticos dixitais para a posta en valor do centro histórico de Ferrol e do patrimonio militar da Costa Ártabra, con especial atención ás baterías defensivas.		50.000,00 €		50.000,00 €
TOTAL EIXE 3	77.612,40 €	235.000,00 €		312.612,40 €



CADRO RESUMO DAS ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS	ANUALIDADE 1	ANUALIDADE 2	ANUALIDADE 3	TOTAL
Asistencia técnica para a xestión do Plan de Sostibilidade Turística en Destino do centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra.	85.901,53 €			85.901,53 €
Deseño gráfico e creación de imaxe de produto para o PSTD Centro histórico de Ferrol e patrimonio militar da Costa Ártabra.	4.477,00 €			4.477,00 €
Creación dun banco de imaxes e material audiovisual promocional do centro histórico de Ferrol e o patrimonio militar da Costa Ártabra.	25.000,00 €			25.000,00 €
Actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol: Recuperación e limpeza do Baluarte de San Xoán.		125.000,00 €		125.000,00 €
TOTAL EIXE 4	115.378,53 €	125.000,00 €		240.378,53 €
TOTAL PSTD CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA	192.990,93 €	1.807.009,07 €		2.000.000 €

CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA

PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA
Y TURISMO

SECRETARÍA DE ESTADO
DE TURISMO



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA